

### ANUNCIO DE LICITACIÓN

Aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada con data 12 de marzo de 2010 a contratación da subministración de combustibles tipo gasóleo e gasolina con destino ao Parque Móbil Provincial.

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.
  - b) Obtención de documentación e información e dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
  - d) Domicilio: San Marcos, 8.
  - e) Localidade e código postal: Lugo 27001.
  - f) Teléfono: 982260066.
  - h) Correo electrónico: [contratacion@deputacionlugo.org](mailto:contratacion@deputacionlugo.org)
  - i) Dirección de internet de perfil de contratante: <http://www.deputacionlugo.org/>
2. Obxecto do contrato.
- a) Tipo: Subministración.
  - b) Descrición: Contratación da subministración dun máximo de 3.250 litros de gasolina e 220.000 litros de gasóleo para a frota de vehículos do Parque Móbil Provincial.
  - c) CPV : 09132100-4. Gasolina sin plomo. 09134100-8 gasoil.
3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:
- a) Tramitación: Ordinaria.
  - b) Procedemento: Aberto e selección da oferta economicamente máis vantaxosa.
  - c) Criterios de adxudicación. (Ver cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas).
    - c.1. Prezo. Valoración máxima de 50 puntos.
    - c.2. Calidade da subministración. Valoración máxima de 30 puntos.
    - c.3. Melloras. Valoración máxima de 20 puntos.
  - 4. Orzamento base de licitación:
    - a) Importe neto 273.665,97 euros. IVE (16 %). Importe total 317.452,52 euros.
  - 5. Garantías esixidas. Provisional (importe) 8.209,98 euros. Definitiva (5 %) do prezo de adxudicación sen incluír IVE.
  - 6. Requisitos específicos do contratista.
    - a) Capacidade e solvencia. (Ver prego de cláusulas administrativas).
  - 7. Presentación de ofertas.

a) Data límite: 7 de maio de 2010.

b) Modalidade de presentación. Persoalmente ou ben mediante envío por mensaxeiría entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, en cuxo caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax.

c) Lugar de presentación.

a. Dependencia: Rexistro da Exma. Deputación Provincial de Lugo en horario de 09:00 a 14:00 de luns a venres, e de 10:00 a 14:00 os sábados.

b. Domicilio: San Marcos, Nº 8.

c. Localidade e código postal: Lugo 27001.

d. Fax: 982260186.

d) Admisión de variantes: Non.

8. Gastos de publicidade: Por conta do contratista.

9. Apertura das ofertas: 17 de maio de 2010.

Lugo, a 12 de abril de 2010.- O SECRETARIO XERAL, Faustino Martínez Fernández.

R. 02060

### ANUNCIO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS

A Deputación Provincial de Lugo consciente da importancia de que se modifiquen os modelos de explotación tradicionais, por modelos de explotación rendibles, que funcionen con criterios empresariais e de calidade e contribúan a favorecer un desenvolvemento rural integrado, sustentable, moderno e respectuoso co medio, aprobou en sesión ordinaria, celebrada con data 16 de abril de 2010 as bases reguladoras para a concesión dunha axuda en réxime de concorrencia competitiva destinada a microempresas ou pemes, dentro do plano estratéxico da Deputación de Lugo para 2010, denominado COMPETITIVIDADE E DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL (novas oportunidades de negocio e creación de empresas. Por esto, e co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 9, da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procédese á publicación do texto íntegro das seguintes bases:

**BASES QUE REGULAN A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCURRENCIA COMPETITIVA PARA A PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DOS SOUTOS DE CASTAÑOS E A COMERCIALIZACIÓN DA CASTAÑA. VALORIZACIÓN AMBIENTAL, SOCIAL E ECONÓMICA DOS RECURSOS PROPIOS DO MEDIO RURAL.**

**BASE 1ª: OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto desta subvención é o da posta en valor de superficies de plantacións de froitos forestais silvestres

en situación de abandono ou non explotadas, fomento e realización de novas plantacións de froitos forestais silvestres, permitindo, favorecendo e garantizando o aproveitamento integral dos froitos obtidos mediante a comercialización e transformación dos mesmos a través dunha empresa con experiencia e solvencia que garante o aproveitamento de toda a produción obtida, de xeito que estas actividades permitan o desenvolvemento do potencial natural endógeno e da poboación rural, sobre a base dos seguintes criterios:

- Desenvolvemento das producións de castaña sativa (castiñeiro), *Juglans regia* (nogueira), *Corylus avellana* (avelá) e outros pequenos froitos forestais silvestres.

- Emprego de recursos susceptibles de incorporar maior valor engadido a través de procesos de transformación e comercialización e polo tanto de xerar maior riqueza.

- Potenciación do desenvolvemento de empresas en base a unha concepción multisectorial ó implicar o emprego de man de obra para produción primaria, a actividade agroforestal, a industria alimentaria e incluso outros produtos complementarios.

- Posta en valor e unha axeitada explotación dos seus principais recursos:

- Recursos agrarios.
- Recursos forestais.
- Natureza e paisaxe.

- Concreción dos obxectivos e liñas de traballo a desenvolver que permitan rentabilizar o potencial da provincia vinculado á súa importante dispoñibilidade de recursos naturais estratéxicos, optimizando a contribución que dun axeitado tratamento e explotación dos mesmos pode supor para a mellora da súa competitividade e acadar maiores niveis de desenvolvemento económico, xerando o caldo de cultivo preciso para que xurdan novas iniciativas empresariais e creando os instrumentos e medidas de apoio precisas que permitan levar a cabo estes obxectivos.

#### BASE 2ª: RÉXIME DE CONVOCATORIA.

As subvencións ás que se refiren as presentes bases convócanse en réxime de concorrencia competitiva.

#### BASE 3ª: BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar a axuda microempresas ou pemes -atendendo para a definición de microempresas e pemes á recomendación da Comisión 2003/361/CE de data 06 de maio de 2006- que fagan actividades de servizo no ámbito dos obxectivos determinados nas presentes bases, coa finalidade de por en valor superficies de plantacións de froitos forestais silvestres (castaña, noz, avelá, pequenos froitos, etc.) en situación de abandono ou non explotadas, fomento e realización de novas plantacións de froitos forestais silvestres, permitindo, favorecendo e garantizando o aproveitamento integral dos froitos obti-

dos mediante a comercialización e transformación dos mesmos a través dunha empresa local con experiencia e solvencia.

Os solicitantes deberán ter entre os seus obxectos sociais ou actividades os obxectivos descritos nestas bases.

Acreditarase de xeito feaciente a viabilidade do proxecto e cumprimento co obxecto desta liña de axudas por parte do solicitante acreditando:

- Experiencia demostrable no ámbito da produción de froitos silvestres, a súa transformación e/ou a súa comercialización e capacidade para levar a cabo as actividades obxecto desta liña de axudas.

- A garantía do aproveitamento, transformación e comercialización dos froitos silvestres producidos tralas recuperacións e plantacións realizadas, ben realizándose a través da propia empresa solicitante, ou que esta esté participada ou teña algún tipo de convenio para completar o ciclo do froito con una empresa comercializadora e/ou transformadora con capacidade suficiente e ubicada na provincia de Lugo. Esta empresa avaladora terá como mínimo un capital social que cubra o importe das axudas.

Non poderán obter a condición de beneficiarios das axudas as entidades en quen conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13, apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Estas circunstancias refírense á condena mediante sentenza ou resolución firme nese sentido, a declaración de concurso, a incursión nas incompatibilidades previstas pola normativa nacional, o incumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, a localización da residencia fiscal nun país ou territorio cualificado reglamentariamente como paraíso fiscal, e o non acharse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións.

#### BASE 4ª: ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES.

Serán subvencionables as actividades de recuperación, repoboación e explotación de superficies forestais dedicadas a froitos silvestres, así como a transformación e/ou comercialización das súas producións. Se considerarán subvencionables aqueles gastos, que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada, e dentro desta actividade, terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- 1) Estudos de viabilidade ou de mercado, e os custes dos proxectos de obras civís.

- 2) Construcción ou aluguer de naves ou oficinas para almacéns ou albergue de maquinaria, así como para o procesado da materia prima.

- 3) Restauración de soutos e plantación deterioradas para a súa posta en valor, incluíndo os custes de reposición, poda, limpeza, raleo, etc...

4) Peches perimetrais de tipo agrogandeiro para preservar as plantacións.

5) Sistemas de rega automática en novas plantacións

6) Maquinaria e apeiros destinados aos procesos produtivos.

7) Viveiros para á obtención de planta saneada, certificada e preparada para o seu emprego nas novas plantacións.

8) Adquisición de planta saneada, certificada e preparada para o seu emprego nas novas plantacións.

9) Material para a realización de tratamentos integridos nas plantacións.

10) Vehículos ou medios materiais, ofimáticos e informáticos para o correcto desenvolvemento da actividade planificada.

11) Contratación de personal técnico e administrativo para as tarefas destinadas a plantación ou restauración, viveiro e control de xestión das actividades propias da empresa. O tempo de contratación será como máximo o de duración do proxecto.

12) Gastos realizados con medios ou recursos propios directamente imputables á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade, co límite máximo do 15%.

A efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non será necesario que o gasto fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación para que este teña a consideración de gasto efectivamente realizado.

Tendo en conta o artigo 31 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións en ningún caso serán gastos subvencionables os intereses debedores das contas bancarias; intereses, recargas e sancións administrativas e penais nin os gastos de procedementos xudiciais. Os tributos serán gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención abónalos efectivamente. En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

O plan de actuación do proxecto solicitado garantirá a plantación, repoboación ou recuperación de como mínimo 50 hás. no primeiro ano de execución do proxecto, 75 hás. durante o segundo e 100 hás. durante o terceiro ano. Circunstancia que se acreditará aportando pranos de situación, fotografías ou calquera outro documento probatorio e fotocopia do compromiso formalizado cos

propietarios dos terreos. Non serán subvencionables as actuacións feitas en soutos de propiedade do beneficiario da subvención.

A implantación das actividades encadradas nesta liña de axudas por parte da empresa solicitante, suporá a creación neta de emprego dun mínimo de 3 traballadores. Os traballadores a contratar deberán estar inscritos no Servizo público de emprego de Galicia, cunha antigüedad mínima de 6 meses. Tal circunstancia acreditaráse aportando certificado de períodos de inscrición emitidos polo Servizo Público de emprego de Galicia.

O beneficiario deberá contar con tódolos permisos e licenzas que sexan esixibles para o correcto exercizo da actividade de referencia.

#### BASE 5ª: APLICACIÓN ORZAMENTARIA E CONTÍA.

A contía global destinada a esta actuación supón 700.000,00 € distribuíndose dentro das anualidades 2010, 2011 e 2012 da seguinte maneira:

##### 1. Anualidade 2010:

A contía destinada a esta actuación dentro da anualidade 2010 é a que figura na liña 5 da área de Presidencia do Plan Estratéxico de Subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo 2010 e que se refire ao apoio á creación, desenvolvemento, funcionamento e posta en marcha dos procesos produtivos nos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro:

IMPORTE (€)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
300.000,00 €	4190.489.10

##### 2. Anualidade 2011:

Para financiar o gasto correspondente á anualidade 2011 deberá adoptarse o compromiso de incluír no orzamento xeral do 2011 a contía de 220.000,00 €

##### 3. Anualidade 2012:

Para financiar o gasto correspondente á anualidade 2012 deberá adoptarse o compromiso de incluír no orzamento xeral do 2012 a contía de 180.000,00 €

As axudas consistirán en subvencións de ata o 70% dos gastos ou investimentos considerados como subvencionables.

As subvencións concedidas ao abeiro da presente convocatoria, serán compatibles con outras concedidas por outras Administracións Públicas (agás outras posibles convocatorias da Deputación de Lugo) para a mesma finalidade, sempre e cando illadamente ou en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para un mesmo proxecto, non supere o 70% do custo da actividade subvencionada.

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4., prevese a realización de pagamentos anticipados, previa solicitude

do beneficiario, que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Establécese o límite máximo dun 50% do importe de cada anualidade

No caso da concesión de anticipos constituirase unha garantía. A garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía. A garantía deberá cubrir o 100% do importe das cantidades anticipadas calquera que sexa o prazo de xustificación.

En ningún caso poderán realizarse pagamentos anticipados a beneficiarios cando se solicítase a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, se atopen declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme a Lei concursal 22/2003, do 9 de xullo, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, fosen declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, se iniciase expediente de quitación e espera ou de suspensión de pagamentos ou se presentase solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, mentres, se é o caso, non fosen rehabilitados.

O procedemento de selección das entidades iniciárase mediante a presente convocatoria aprobada e formalizada pola Deputación Provincial de Lugo mediante resolución que se publicará na páxina web da Deputación Provincial de Lugo e no B.O.P.

#### BASE 6ª: REQUISITOS DOS PROXECTOS QUE SE PRESENTEN.

Tódolos proxectos que se presenten deberán cumprir os requisitos seguintes:

1. Non estar iniciados na data de presentación da solicitude.
2. Que se desenvolvan no territorio da provincia de Lugo e sexan exportables ao resto da Comunidade Autónoma.
3. Que no momento da súa certificación cumpran os obxectivos para os que foron aprobados.
4. Que sexan viables, técnica e economicamente, o que se acreditará coa presentación da documentación ou estudos preceptivos.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Deputación, ou por calquera dos medios previstos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP), no prazo de 20 días hábiles a partir da publicación do anuncio de convocatoria no Diario Oficial da Provincia. No caso de que o último día de presentación das solicitudes coincidise en festivo, prorrogárase ao seguinte día hábil.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nas mesmas.

A concorrencia ó proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación, de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

#### BASE 7ª: DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ PRESENTARSE XUNTO COA SOLICITUDE.

- 1) Documentación acreditativa da personalidade do solicitante ou do seu representante (NIF ou CIF).
- 2) Escritura de constitución e estatutos da entidade solicitante debidamente inscritos no rexistro correspondente.
- 3) Declaración responsable doutras axudas solicitadas para a mesma finalidade.
- 4) Declaración responsable do solicitante de non estar incurso nas prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e as recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de Subvencións de Galicia, referida á data de solicitude das axudas.

5) Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social a que se refire o artigo 13.2.e) da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións, acreditadas mediante presentación polo solicitante de certificación administrativa positiva expedida polo órgano competente, de conformidade co disposto no artigo 22 do Real Decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións (certificacións expedidas pola Seguridade Social, Axencia Tributaria, Xunta de Galicia e Deputación de Lugo respectivamente).

No caso de que as certificacións non fosen expedidas no prazo establecido para solicitar a subvención, deberáse acompañar á solicitude a acreditación de solicitar o certificado, debendo achegalo posteriormente nun prazo máximo de 10 días naturais.

No entanto o anterior, a presentación de declaración responsable substituirá ás certificacións nos casos nos que o beneficiario non estea obrigado a presentar as declaracións a que se refiren as obrigacións anteriores e o resto de casos contemplados no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións.

6) Proxecto de desenvolvemento no que se reflectan os obxectivos a acadar, metodoloxía de traballo, cronograma de posta en marcha, actividades a emprender, etc...

7) Orzamento detallado, descomposto por partidas, co IVE desagregado, e facturas proforma que o sustentan.

8) Estudo técnico-económico de viabilidade dos investimentos e da súa financiación.

9) Solicitud de alta no Censo de Actividades Económicas (036), e licenza de actividade municipal, cando así se esixa.

10) No caso de realización de construcións, licenza de obra provisional, e calificación urbanística da parcela, así como proxecto ou anteprojecto da mesma, incluíndo memoria descriptiva, planos e orzamento desagregado.

11) Calquera outra documentación adicional que se considere pertinente ou que poda demandarse en fases posteriores do procedemento.

Ditarase resolución aprobatoria no caso de que proceda, sinalando o investimento aprobado e a contía da subvención e será publicada no perfil do contratante e no B.O.P., dispoñendo os beneficiarios de 10 días, dende a recepción da notificación, para formalizar a súa aceptación mediante a sinatura do correspondente convenio.

#### BASE 8ª: CRITERIOS DE BAREMACIÓN.

1) Capacidade comercializadora ou transformadora dos froitos da empresa solicitante: Ata 35 puntos.

2) Creación de emprego a maiores do esixido na base 4ª: Ata 25 puntos.

3) Localización xeográfica do proxecto: Ata 20 puntos.

4) Capacidade dinamizadora da iniciativa no seu entorno xeográfico: Ata 10 puntos.

5) Innovación do proxecto: Ata 10 puntos.

#### BASE 9ª: ESTUDO DAS SOLICITUDES E PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN.

1. Crearase unha Comisión de Avaliación, que estará constituída por:

##### PRESIDENTE:

O Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue ou substitúa legalmente.

##### VOCAIS:

. Un representante do grupo provincial do PSOE.

. Un representante do grupo provincial do BNG.

. Un representante do grupo provincial do PP.

. O Secretario Xeral da Corporación ou funcionario/a en quen delegue ou o substitúa.

. A interventora Xeral da Corporación ou funcionario/a en quen delegue ou a substitúa.

#### SECRETARIO:

O Secretario Xeral Adxunto ou funcionario/a en quen delegue ou o substitúa.

A Comisión de Valoración estará asistida por un mínimo de dúas persoas físicas ou xurídicas, que se consideren adecuadas para cada unha das temáticas propostas, persoas designadas polo Presidente.

2. A Comisión realizará unha avaliación previa das solicitudes, para asegurarse de que se cumpren os requisitos sinalados na base quinta e que achegan a documentación esixida na base sétima. Esta avaliación previa concretarase nun informe, que relacionará as solicitudes excluídas por non cumprir os requisitos anteriormente mencionados.

3. A Comisión analizará os proxectos aceptados, e fará unha proposta de resolución de concesión a aquela entidade que obteña a maior puntuación de acordo ao baremo fixado nos criterios de selección.

4. O órgano competente para a aprobación das presentes bases será a Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo, así como para a resolución das solicitudes de concesión.

A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e será recorrible da acordo co establecido na Lei 30/92 de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 de 13 de xaneiro, podendo interponerse contra a mesma recurso de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da notificación, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado da devandita xurisdición en Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á notificación.

#### Base 10ª: FORMALIZACIÓN.

A presente subvención formalizarase mediante convenio, que ao igual que as presentes bases regularán a subvención, a sinatura do convenio suporá a aceptación da subvención concedida por parte do adxudicatario.

#### Base 11ª: PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

O pagamento da subvención realizarase, previa xustificación polo beneficiario da realización do proxecto para o que se concedeu e dos informes correspondentes dos servizos desta Deputación Provincial, unha vez aprobada a conta xustificativa. O beneficiario terá que xustificar a subvención documentalmente para cada anualidade aprobada, no primeiro trimestre de cada ano. A parte non executada nun ano poderá incorporarse como remanente no seguinte e xustificalo dentro dese ano.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia. Logo de transcorrer o prazo

establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada ante esta Deputación Provincial, o órgano de xestión requerirá ao beneficiario da mesma para que no prazo imperorrogable de quince días sexa presentada.

Non se poderá realizar o pago da subvención mentres o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou mentres sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención, presentando todos os permisos e licenzas oportunos, así como as facturas e documentos xustificativos dos pagamentos no prazo que determinan estas bases. A data de remate da xustificación poderá ser ampliada, a solicitude do beneficiario, por razóns motivadas e previa concesión da correspondente prórroga.

Para a xustificación do proxecto ou actividade subvencionada, presentarse a conta xustificativa que deberá conter a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Para a xustificación das hectáreas restauradas ou repoboadas deberán acompañarse pranos de situación dos soutos e fotocopia do compromiso formalizado co propietario dos terreos. Acreditarase a creación de emprego mediante a presentación do contrato de traballo (sempre que éste non esté en posesión do INEM), e en todo caso presentaránse os últimos TC da empresa. A chegarase fotos dos carteis onde se menciona o apoio e colaboración da Deputación de Lugo.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.

b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior.

c) No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, a persoa beneficiaria deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, durante un período de oito anos. O incumprimento da obriga de destino referida, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no artigo 33 da LXSG.

d) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a) cun límite máximo dun 15%.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3º da Lei Xeral de Subvencións, deba ter solicitado o beneficiario.

g) Se fora o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

h) Acreditación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro (certificacións expedidas pola Seguridade Social, Axencia Tributaria, Xunta de Galicia e Deputación de Lugo respectivamente).

i) Declaración xurada de non ter pendente de xustificación subvencións anteriores coa Deputación Provincial de Lugo.

j) Se é o caso, declaración xurada do representante de non dedución do IVE.

k) Declaración xurada de que, a actividade obxecto da xustificación, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

l) Certificación da conta bancaria expedida por entidade bancaria a que se ha de transferir o importe da subvención concedida.

#### Base 12ª. RÉXIME XURÍDICO.

En todo o non contemplado nestas bases estarase ao disposto en:

a). A Lei Estatal 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

b). Real Decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.

c). Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

d). A ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.

e). O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial.

f). Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación Provincial vixentes no momento da concesión.

#### Base 13ª. PUBLICIDADE.

O beneficiario deberá mencionar o apoio e colaboración da Deputación de Lugo en toda a información, verbal ou escrita, emitida con ocasión da actividade, antes, durante e logo da súa finalización. A estes efectos, na información anteriormente referida aparecerá

o seguinte: co financiamento da Deputación de Lugo. Igualmente colocárase un cartel co mesmo lema en cada un dos soutos que formen parte do proxecto.

#### Base 14ª: REDUCIÓN.

Cando exista diferenza entre o importe da subvención concedida e a relación clasificada dos gastos presentada na conta xustificativa, procederáse a practicar a redución do importe da subvención ata o 70% da relación clasificada dos gastos. Nestes casos, as reducións practícanse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento, previo informe da área de xestión competente.

En ningún caso o importe da subvención illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade excederá do 70% do custo total da actividade executada segundo a memoria de actuación xustificativa presentada. No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere esta contía, procederáse a redución da subvención concedida ata que non se supere o referido límite.

#### Base 15ª: OBRIGAS DO BENEFICIARIO.

Os beneficiarios das subvencións reguladas nas presentes bases virán obrigadas a xustificar a aplicación dada aos fondos recibidos ante a Deputación provincial de Lugo, tendo ademais as seguintes obrigas:

- Someterse ás actuacións de seguimento, control e avaliación que puidera efectuar a Deputación de Lugo para garantir a correcta aplicación da subvención, mediante seus órganos de control económico financeiro ou a través da contratación dun servizo externo de auditoría.

- Permitir en calquera momento a inspección e control do destino da subvención e o cumprimento dos fins para os que foi concedida. Para este efecto o beneficiario poñerá a disposición dos devanditos órganos toda a documentación que lle requiran coa fin de realizar un correcto control e inspección sobre os gastos para os que se concede a achega económica.

- Facilitar os datos necesarios para realizar a tarefa de seguimento durante a execución do proxecto.

- Comunicar a obtención doutras subvencións ou axudas económicas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais así como calquera variación nas circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

- Xustificar axeitadamente a subvención na forma prevista nestas bases.

- Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que está ao corrente das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de cantas outras poidan ser esixibles legalmente.

- As que con carácter xeral esixa a convocatoria e as disposicións legais de subvencións (Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia).

#### Base 16ª: INCUMPRIMENTOS E REINTEGROS.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a existencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, e en especial:

- a. Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso e ocultando aquelas que o impedisen.

- b. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

- c. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos na lexislación sobre subvencións e no regulado nas presentes bases.

- d. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións e comprobación e control financeiro previstas na lexislación de subvencións así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando deles se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

- e. Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou que se refiran ao modo en que se han de acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

- f. Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para unha mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

g. A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da que se derive unha necesidade de reintegro.

h. Nos demais supostos establecidos nas presentes bases e demais lexislación sobre subvencións.

#### Base 17ª: PLAN ANUAL DE COMPROBACIÓN.

Aos efectos de comprobar a realización da actividade, acción ou comportamento e do cumprimento da finalidade que determine a concesión e goce da subvención, a Excm. Deputación provincial poderá elaborar un plan anual de comprobación.

O período de realización das comprobacións comprenderá os dous anos seguintes a partir da pechadura de todos os expedientes de conta xustificativa da convocatoria.

Os aspectos fundamentais a comprobar serán:

- A execución efectiva da actividade, acción ou comportamento.
- O cumprimento do obxecto da subvención.
- Os datos económicos da conta xustificativa.
- Aqueles datos que pola súa natureza puideron repercutir sobre o proceso de concorrencia competitiva dándose dereitos de terceiros.

O beneficiario está na obriga de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, especialmente, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e incorporados na relación clasificada presentada na conta xustificativa.

En Lugo, a 19 de abril de 2010.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario Xeral, Faustino Martínez Fernández.

R. 02061

#### INFORMACION PUBLICA

Polo Pleno desta Deputación en sesión celebrada o día 30 de marzo de 2010 adoptouse o acordo de incluír no Plan do Canon de Chantada anualidade de 2008 a obra de: Acometida eléctrica en Avda. de Orense en Chantada", o que faise público aos efectos de exame e reclamacións, no Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, durante o prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Pazo Provincial de Lugo, a 20 de abril de 2010.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario, Faustino Martínez Fernández.

R. 02062

#### Servizo de Xestión Tributaria e Recadación

##### Anuncio

ASUNCIÓN POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

A Deputación Provincial no Pleno que tivo lugar o día 27 de novembro de 2007 adoptou o acordo polo que aproba a "proposta de reforma das bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público", e no Pleno do día 28 de outubro de 2008 reformanse as bases décima e décimo primeira.

As novas bases son as seguintes:

**BASE PRIMEIRA.-** Obxecto da delegación.

A Excm. Deputación Provincial de Lugo de conformidade co disposto no art. 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o art. 7 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, asume, por delegación expresa dos Concellos da Provincia, as competencias que se concretan nas bases seguintes, en relación aos tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público.

**BASE SEGUNDA.-** Réxime Xurídico.

Para o exercicio das competencias delegadas, a Deputación Provincial aterase ao disposto nas presentes bases, ao ordenamento xurídico local e demais lexislación aplicable de conformidade coa normativa reguladora das facendas locais, así como normativa en materia de xestión, inspección e recadación que puidese ditar a Excm. Deputación Provincial de Lugo, en uso da potestade regulamentaria prevista no art. 106.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

A Deputación Provincial, segundo o réxime de competencias dos seus órganos, poderá ditar disposicións sobre interpretación ou aplicación da normativa anterior, e aprobar os períodos de cobramento de cada un dos tributos.

**BASE TERCEIRA.-** Contido e alcance da delegación.

**CONTIDO MINIMO.**

Os Concellos que desexen delegar na Deputación Provincial competencias nesta materia farano, co seguinte contido mínimo:

-Todas as competencias que os Concellos teñan atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en período executivo, reguladas no vixente texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, xa estean atribuídas, directamente, pola propia norma, ou sexan asumibles en virtude dos convenios de delegación ou acordos de colaboración que